

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	TEB1.2.1. Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupala e xestores de transmisión de son, imaxe e datos.
B1.4. Utilizar equipamentos informáticos.	TEB1.4.1. Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos cos datos obtidos.
B2.1. Describir os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda e as normas que regulan o seu deseño e a súa utilización.	TEB2.1.1. Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda.
	TEB2.1.2. Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda.
B2.3. Experimentar coa montaxe de circuítos básicos e valorar as condicións que contribúen ao aforro enerxético.	TEB2.3.1. Realiza montaxes sinxelos e experimenta e analiza o seu funcionamento.
B3.1. Analizar e describir o funcionamento e a aplicación dun circuítot electrónico e os seus compoñentes elementais.	TEB3.1.1. Describe o funcionamento dun circuítot electrónico formado por compoñentes elementais.
	TEB3.1.2. Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.
B3.2. Empregar simuladores que faciliten o deseño e permitan a práctica coa simboloxía normalizada.	TEB3.2.1. Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuítos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada.
B3.3. Experimentar coa montaxe de circuítos elementais e aplicarlos no proceso tecnolóxico.	TEB3.3.1. Realiza a montaxe de circuítos electrónicos básicos deseñados previamente.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos e Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">● Prácticas de localización, intercambio e publicación de información a través de internet.● Realización de traballos monográficos de investigación.● Realización de probas escritas.● Observación directa na realización de diferentes tarefas ao longo de todo o curso.● Prácticas de identificación e descrición dos elementos dunha instalación.● Prácticas de montaxe de circuitos eléctricos básicos dunha instalación.● Realización de exercicios de cálculo de magnitudes eléctricas.● Realización de prácticas con diferentes compoñentes electrónicos.● Prácticas de simulación de circuitos analóxicos.● Prácticas de análise, deseño e montaxe de circuitos analóxicos básicos.
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none">● Para o cálculo da mota final do curso teránse en conta as notas da 1ª e 2ª avaliación.● Os traballos que están a facer neste terceiro trimestre teránse en conta para subir nota á aqueles alumnos que teñan aprobado a 1ª e 2ª avaliación, ese incremento irá de cero a dous puntos.● Para aqueles alumnos que o resultado das notas da 1ª e 2ª avaliación fose suspenso, os traballos deste trimestre tamén serán tidos en conta para a recuperación dese suspenso. Para aqueles que non están a seguir as actividades propostas neste terceiro trimestre, enviaráselle por correo electrónico a prosta para que elaboren un traballo de recuperación referente os contidos da 1ª e 2ª avaliación.
Proba extraordinaria de setembro	<p>A todos aqueles alumnos que non superen a materia en xuño faráselles en setembro unha proba, que avaliará os estándares de aprendizaxe imprescindibles descritos anteriormente.</p>
Avaliación de materia pendentes	<p>Para os alumnos ca tecnoloxía de 2º de ESO pendente, estableceuse dúas formas de superar a materia.</p> <ol style="list-style-type: none">a) alumnos que están cursando tecnoloxía de 3º ESO e aproban dito curso, entón considerase tamén superada a materia de 2º.b) alumnos que están cursando tecnoloxía de 3º ESO e suspenden dito curso, para estes alumnos propondraselles que cumprimenten unhas fichas de traballo que se lles irán entregando e que terán que devolver debidamente cumprimentadas e no prazo establecido para acadar deste modo o aprobado. <p>O material de traballo enviaráselles por emial ou por classroom ou aula virtual, en función do medio de conexión habitual de cada alumno en particular</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades de ampliación sobre electrónica. Actividades de repaso sobre os contidos do primeiro e segundo trimestre. Actividades de recuperación do primeiro e segundo trimestre para os alumnos suspensos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Exercicios que se entregan na aula virtual ou por email.
Materiais e recursos	Apuntes, boletín de exercicios e direccións web para consultar colgados na aula virtual.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Os alumnos serán informados a través da aula virtual da materia e tamén a través do seu correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.